

Nº de expediente 2024/C005/000005

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CUN CRITERIO ÚNICO DE VALORACIÓN MEDIANTE APLICACIÓN DE FORMULAS DO CONTRATO DE SUBMINISTRO PARA A EXECUCION DA ACTUACION “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS” FINANCIADO POLA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

1. OBXECTO DO CONTRATO

O contrato ten por obxecto a subministración e instalación de luminarias de acordo coa memoria “Mellora da eficiencia enerxética do alumado público na estrada ad-550, tramo Baño a Laxeiras e Tal, Muros”, financiada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

As especificacións técnicas e características detalladas do subministro están recollidas no prego de prescricións técnicas, que forma parte do presente contrato.

2. ORZAMENTO E VALOR ESTIMADO

O orzamento máximo e o valor estimado do contrato están especificados no cadro de características. (Anexo I). As ofertas deberán incluír o importe do IVE, sen prexuízo de que este se indique como partida independente conforme ao artigo 102.1 LCSP.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN

3.1. Prazo de execución: O prazo de execución será o indicado no cadro de características (Anexo I).

4. REVISIÓN DE PREZOS

Non se prevé revisión de prezos para este contrato. Os prezos fixados non poderán ser obxecto de modificación durante a súa execución.

5. FORMA E PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato adxudicarase mediante procedemento aberto con criterio único de valoración, o prezo, adxudicándose a proxecto a empresa que presente a mellor oferta económica, utilizando fórmulas obxectivas conforme ao artigo 159 da LCSP.

6. CONSULTA DE PREGOS E OBTENCIÓN DE COPIAS

Os interesados poderán consultar e obter copias dos pregos no lugar indicado no cadro de características (Anexo I).

7. APTITUDE PARA CONTRATAR

Poderán participar persoas físicas ou xurídicas con capacidade de obrar e sen prohibición para contratar conforme aos artigos 71 a 73 da LCSP. As unións temporais de empresas deberán cumprir co artigo 69 da LCSP.

8. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE

O anuncio do procedemento publicarase no perfil do contratante integrado na plataforma de contratación do sector público, de acordo co artigo 156.6 LCSP.

9. PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As propostas deberán presentarse de forma electrónica a través da plataforma indicada no cadro de características, no prazo alí especificado (Anexo I). O licitador deberá presentar debidamente cuberto o anexo IV deste prego, xunto cun documento coas características técnicas das luminarias a subministrar e instalar

10. PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN

As propostas consistirán en un único sobre electrónico:

Sobre ÚNICO: declaracións responsable, oferta económica e características das luminarias a instalar e subministrar

11. GARANTÍAS

Non se esixe garantía provisional. A garantía definitiva ou complementaria deberá constituírse segundo os termos indicados no cadro de características (Anexo I).

12. IDIOMA

Toda a documentación deberá presentarse en galego ou castelán, ou acompañada da correspondente tradución.

13. APERTURA DE PLICAS E ADXUDICACIÓN

A apertura de plicas e a adxudicación realizaranse conforme aos procedementos e prazos recollidos nos artigos 141 e 150 da LCSP.

Procedemento:

Unha vez abertos os sobres, procederase a comprobar que a documentación presentada polas empresas é correcta, en caso contrario, si se se detectan defectos emendables na documentación, concederase un prazo de tres días para a súa corrección. Esta apertura realizarase en acto público. Celebrarase no lugar e día que se sinale no perfil de contratante.

O Presidente manifestará o resultado da cualificación dos documentos presentados, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de non admisión destas últimas.

As ofertas que correspondan a proposicións rexeitadas quedarán excluídas do procedemento de adxudicación do contrato sen publicar a oferta económica presentada.

Antes da apertura da primeira proposición convidaranse os licitadores interesados a que manifesten as dúbidas que se lles ofrezan ou pidan as explicacións que estimen necesarias, procedendo a mesa ás aclaracións e contestacións pertinentes, pero sen que neste momento poida aquela facerse cargo de documentos que non fosen entregados durante o prazo de admisión de ofertas, ou o de corrección ou emenda de defectos ou omisións.

13.1 Rexeitamento de proposicións

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido, as características do material a subministrar é de menor calidade que o establecido nos pregos, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola mesa, en resolución motivada.

13.2 Criterios de valoración

Os criterios para a adxudicación do procedemento e un, o prezo, adxudicándose o contrato a empresa que presente a mellor oferta económica.

13.3 Criterios de desempate

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, varias empresas licitadoras empatasen en canto á proposición máis vantaxosa, terá preferencia aquela que presentase a súa oferta en primeiro lugar

13.4 Renuncia

A presentación da oferta vincula ao contratista coa Administración de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) a proposta da Mesa de Contratación, c) a adxudicación, d) antes da formalización do contrato, e) o inicio e execución dos servizos, g) a recepción, etc. faculta a Corporación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias dispostas na LCSP

Tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir este importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización de danos e perdas.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormalmente baixos, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos que se indicaron nos parágrafos anteriores.

13.5 Ofertas anormalmente baixas

13.5.1. Cando o órgano de contratación presuma fundadamente de que a proposición non poida cumprirse como consecuencia de ofertas anormalmente baixas, (art. 149 LCSP) notificaralles esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días hábiles xustifiquen estas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado

13.5.2. A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

13.5.3. Consideraranse, como anormalmente baixas as ofertas que se atopen nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas

13.5.4. Serán criterios obxectivos para apreciar ou non se a oferta é anormalmente baixa aquelas condicións da oferta que sexan susceptibles de determinar o baixo nivel do prezo ou os seus custos:

1.- Xustificación dos prezos ofertados.

2.- Volume de subministracións/servizos xa contratados

3.- Relación entre custos laborais fixos e volume de subministracións/servizos contratados

e, en particular, no que se refire aos seguintes valores:

O aforro que permitan as subministracións/servizos

As solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para prestar as subministracións/servizos

A innovación e orixinalidade das solucións propostas para prestar as subministracións/servizos

O respecto de obrigacións que resulten aplicables en materia ambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por baixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP.

Ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

13.5.5. Documentación que se ha achegar para xustificar a oferta con valores anormalmente baixos.

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormalmente baixos, dentro do prazo concedido para o efecto, deberán presentar para xustificar a oferta, por medios electrónicos e asinada electronicamente, a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

A. Materiais

A.1 Compra

Carta de compromiso dos provedores

Prezos unitarios detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia

Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Maquinaria ou equipamento

B.1 Alugueiro e/ou contratación

Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

B.2 Medios propios

Relación detallada da maquinaria

Oferta detallada por unidades de execución

2. Volume de contratos:

Neste caso deberá xustificar o licitador que presentou a oferta con presunción de anormalidade a relación existente entre as subministracións/servizos que teña contratados ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de contratos:

Xustificarase mediante a achega da nómina e boletíns de cotización da Seguridade Social do persoal laboral fixo e declaración responsable do persoal que adscribirá ao contrato obxecto de licitación.

4.- Cumprimento obrigacións salariais.

Presentarase declaración e xustificación de cumprimento de obrigacións salariais cos traballadores, derivadas de contratos e convenios colectivos.

5.- Relación de subcontratos programados e carta de compromiso de subcontratistas

A xustificación realizada polos licitadores remitirase a informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.

En todo caso, o órgano de contratación, co informe previo dos servizos técnicos e a proposta da Mesa de Contratación, rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia

ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 LCSP.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

14. ADXUDICACIÓN

Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requirirase o licitador que presentara a mellor oferta para que dentro do prazo de sete días hábiles,

contado desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente, por medios electrónicos e con sinatura electrónica a documentación que se indica a continuación.

Se o licitador está rexistrado no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas da Comunidade Autónoma de Galicia, estará dispensado de presentar dita documentación

14.1. Documentación administrativa

os datos que figuren rexistrados sempre que esa documentación se corresponda coa esixida nesta cláusula e estea vixente. Para estes efectos deberá indicar esta circunstancia e número de inscrición.

A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario

A-1) Persoas físicas: documento nacional de identidade, NIF, pasaporte, NIE ou documento equivalente.

A-2) Persoas xurídicas:

- Escritura de constitución e de modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme a lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, rexistrados, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Número de Identificación Fiscal (NIF).

A-3) Empresas comunitarias ou empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega), acreditarán a súa capacidade de conformidade co establecido nos artigos 67, 68 e 69 da LCSP

A-4) Empresas non comunitarias: deberán presentar informe de reciprocidade a que se refire o artigo 68 da LCSP.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-5) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (artigo 140.1.f da LCSP)

B) Representación:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar a persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

O poder deberá figurar rexistrado previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que esta inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

C) Bastanteo de poderes:

Os poderes a que se refire o apartado b) desta cláusula, deberán *bastantealos* previamente o Secretario da Corporación ou funcionario habilitado.

Con todo será suficiente se o poder está inscrito no Rexistro de Apoderamento correspondente, ou ben no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECSP) ou nunha base de datos nacional dun estado membro da Unión Europea.

D) Inexistencia de prohibición para contratar:

Tendo en conta na cláusula 10.1 esíxese que os licitadores cubran o documento europeo único de contratación (DEUC), onde se inclúe a declaración relativa a non estar incurso en prohibicións para contratar coa Administración, o licitador que presente a mellor oferta non terá que volver presentar esta declaración.

E) Solvencia

O licitador que presente a mellor oferta deberá acreditar a solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional mediante os requisitos específicos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional que se indican a continuación.

E.1. Solvencia económica e financeira

E.2. Solvencia técnica ou profesional

F) Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 69 LCSP e cláusula 7 deste prego.

G) Cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social

Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social.

Alternativamente, o licitador poderá autorizar ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

H) Imposto sobre actividades económicas:

Documentación acreditativa de que o licitador se acha dado de alta no imposto sobre actividades económicas acompañada do último recibo do imposto ou, no seu caso, declaración de exención.

I) Enderezo electrónico habilitado para notificacións

Designarase un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións, que deberá ser «habilitado» de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta, nos casos en que o órgano de contratación optase por realizar as notificacións a través dela.

J) Declaración de servidores e servizos asociados.

Para os efectos establecidos no artigo 122.2 da Lei 9/2017, na redacción dada polo Real decreto-lei 14/2019, deberá presentar:

Unha declaración na que se poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a eles, quedando obrigado a comunicar calquera cambio que se produza na información facilitada nesta declaración ao longo da vida do contrato.

No caso de que preveña subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles a declaración deberá incluír a información que se indica a continuación, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización:

Nome ou denominación social

Perfil empresarial (definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica)

Localización dos servidores

Localización onde se van prestar os servizos asociados aos servidores

14.5. Consecuencias da non presentación ou presentación inadecuada da documentación

De non cumprir adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso para solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do disposto nos artigos 71, 72 e 73 LCSP

14.6 Adxudicación

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

14.7 Notificación

A adxudicación notificaráselles aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Contratos non susceptibles de recurso especial en materia de contratación:

A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, na data que sinale a Administración.

Contratos susceptibles de recurso especial en materia de contratación:

Ao tratarse dun contrato susceptible de recurso especial, conforme o artigo 58 do Real decreto 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran dez días naturais desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve emparellada a suspensión da formalización do contrato o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Consecuencias da non formalización:

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 respecto á súa declaración de prohibición de contratar.

Se a causa da non formalización fose imputable á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

16. TRIBUTOS

O adxudicatario deberá aboar os tributos que pesen sobre o contrato ou no seu caso sobre o obxecto do contrato.

17. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

17.1. Lugar de entrega

O adxudicatario deberá de proceder ao subministro e instalación das luminarias segundo o prego de prescricións técnicas deste expediente de contratación.

A Administración resérvase a facultade de modificar o lugar e programa de entrega en razón das súas necesidades e notificando esta circunstancia expresamente á empresa adxudicataria.

Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convindo serán por conta do contratista.

17.2. Prazo de entrega

O adxudicatario deberá instalar e subministrar os bens de acordo co prazo que figura no cadro de características (Anexo I). En consecuencia, o adxudicatario estará obrigado a entregar os bens no tempo e lugar fixados no contrato e con estrita suxeición ás estipulacións contidas neste prego.

A mora do adxudicatario non requirirá a previa intimación pola Administración.

Calquera que sexa o tipo de subministracións, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados aos bens antes da súa entrega á Administración.

O adxudicatario estará obrigado a notificarlles por escrito ás entidades destinatarias, cunha antelación mínima de 24 horas, o día, hora e lugar de entrega previstos, non sendo responsable a Administración dos vicios ou defectos que tivesen os bens motivada pola entrega destes sen aviso previo

18. DESENVOLVEMENTO DO CONTRATO

O adxudicatario executará o contrato con estrito cumprimento do disposto neste prego e segundo as instrucións e directrices que en cumprimento deste reciba do Servizo director do contrato.

O contratista deberá prestar os servizos de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais, e comunitarios obrigatorios, e nos termos establecidos nos artigos 124 a 126 LCSP.

Así mesmo, deberá utilizar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica, utilizando produtos, medios e equipos máis adecuados para a protección do medio ambiente así como para a protección da saúde do persoal e usuarios.

19. RESPONSABLE DO CONTRATO

Correspóndelle ao responsable do contrato, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

A dirección técnica e inspección dos traballos ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daqueles e sinalará o ritmo de execución conveniente, mediante un informe de actuacións realizadas que acompañará a cada factura. Con todo, a Presidencia da Corporación poderá inspeccionar as instalacións ou servizos cando o estime oportuno ou encomendar estas funcións a outros técnicos da corporación.

20. CUMPRIMENTO NORMATIVA LABORAL, DE SEGURIDADE SOCIAL, SEGURIDADE E HIXIENE E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O adxudicatario deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral e de Seguridade Social, así como en materia de seguridade e hixiene no traballo e prevención de riscos laborais.

21. FORMACIÓN DO PERSOAL E MANUAIS DE FUNCIONAMENTO

O adxudicatario deberá entregar documentación, instrucións e información suficiente, así como impartir os cursos de adestramento ou formación precisos, durante o tempo que sexa necesario, a xuízo da Administración contratante, sen que isto supoña custo adicional a administración

Así mesmo, o adxudicatario estará obrigado a proporcionarlle á administración os manuais de funcionamento do ben fornecido en número equivalente ao de usuarios, e redactados en castelán.

22. BENS DE CALIDADE DEFECTUOSA

O adxudicatario responderá da calidade dos bens fornecidos e das faltas que houbera. Así mesmo, responderá de todos os danos que se ocasionen nos bens antes da súa entrega á Administración.

Cando os bens non se achen en estado de ser recibidos, farase constar así en documento para o efecto, para que o adxudicatario remedie os defectos observados ou proceda a unha nova subministración, sen prexuízo da tramitación do expediente de imposición de penalidades administrativas ou de resolución do contrato.

Se a Administración estimase durante a vixencia do contrato que os bens fornecidos non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados neles e imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou a reparación destes bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá rexeitar os bens deixándoos por conta do contratista e quedando exento da obrigaón de pago, ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

O adxudicatario deberá executar o contrato adoptando todas as medidas de seguridade que sexan necesarias para que o contrato se realice nas mellores condicións que permitan a entrega dos bens en perfecto estado de conservación, evitando deterioracións ou perdas.

No caso de que se produzan deterioracións ou perdas por causa imputable ao contratista, o Concello poderá resolver o contrato e esixir a correspondente indemnización de danos e perdas.

23. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

1. EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co artigo 202.1 LCSP, ao tratarse dun contrato cuxa execución implica a cesión de datos ao contratista establécese como condición especial de execución a obrigaón do contratista de someterse á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos. Esta obrigaón ten o carácter de obrigaón contractual esencial de conformidade co disposto na letra f) do apartado 1 do artigo 211.

2. DE CARÁCTER LABORAL, SOCIAL OU AMBIENTAL

De conformidade co disposto no art. 202 LCSP, no prego establécese como condicións especiais de carácter social, laboral ou ambiental en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias. O operador económico que resulte adxudicatario deberá levar a cabo durante a execución do contrato, polo menos unha das condicións especiais de execución establecidas na lei.

A xustificación do cumprimento da condición especial de execución de carácter laboral, social ou ambiental pola que optara o adxudicatario deberá presentarse ante a Administración correspondente, xunto coa documentación que ha achegar para proceder ao pago das facturas derivadas deste contrato, conforme ao indicado na cláusula 27.

Poderanse impoñer penalidades para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme o apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202 LCSP, e cláusula 29 do prego. Estas penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total destas superar o 50 por cento do prezo do contrato.

Neste contrato aplicaranse as penalidades dispostas na cláusula 29 parágrafo terceiro incrementadas nun 100% (1,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído).

Non obstante o incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigaón esencial, en consecuencia o órgano de contratación poderá acordar a resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

24. CALIDADE

O adxudicatario deberá realizar as prestacións comprendidas no contrato nas mellores condicións de calidade e utilizando os medios persoais e materiais máis adecuados para garantir a súa óptima execución.

O órgano de contratación poderá verificar en calquera momento a correcta execución do contrato, podendo solicitar a documentación que estime oportuna e as inspeccións que considere necesario.

25. REGRAS ESPECIAIS RESPECTO DO PERSOAL LABORAL DA EMPRESA CONTRATISTA

1. Correspóndelle exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nos pregos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte da Administración do cumprimento daqueles requisitos.

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo informando en todo momento á Administración.

2.- A empresa contratista asume a obrigaçión de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigaçións legais en materia de Seguridade Social, incluído o aboamento de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigaçións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigaçións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

3.- A empresa contratista velará especialmente para que os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nos pregos como obxecto do contrato.

4.- A empresa contratista estará obrigada a executar o contrato nas súas propias dependencias ou instalacións salvo que, excepcionalmente, sexa autorizada a prestar os seus servizos nas dependencias dos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público. Neste caso, o persoal da empresa contratista ocupará espazos de traballo diferenciados do que ocupan os empregados públicos. Correspóndelle tamén á empresa contratista velar polo cumprimento desta obrigaçión.

5.-A empresa contratista deberá designar polo menos un coordinador técnico ou responsable, integrado no seu propio persoal, que terá entre as súas obrigaçións as seguintes:

a) Actuar como interlocutor da empresa contratista fronte ao Concello, canalizando a comunicación entre a empresa contratista e o persoal integrante do equipo de traballo adscrito ao contrato, dun lado, e a Administración, doutro lado, en todo o relativo ás cuestións derivadas da execución do contrato.

- b) Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartirles aos ditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.
- c) Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do dito persoal ao posto de traballo.
- d) Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente a empresa contratista coa Administración, para os efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.
- e) Informar á Administración sobre as variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

26. DEREITOS DO ADXUDICATARIO

1.- Dereito ao aboamento do servizo que realmente execute conforme as cláusulas do prego. De acordo co disposto no artigo 198 LCSP, o aboamento deberá efectuarse de acordo cos seguintes prazos:

a) Prazo para a conformidade da factura:

O contratista terá a obrigaón de presentar a factura electrónica que expedise polas prestacións realizadas no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE) para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen lle corresponda a súa tramitación.

Na cláusula de pagos do prego, inclúese a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente que emita o contratista.

Unha vez cumprido este requisito, iniciárase o cómputo dos trinta días naturais para que a Administración aprobe a documentación presentada e dite o acto de recoñecemento da obrigaón; con todo, se a documentación presentada adoecece dalgún defecto, será devolta ao contratista para a súa corrección, non iniciándose o prazo sinalado ata que os documentos se presenten de novo no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE) debidamente emendados.

b) Prazo para o pago:

Unha vez aprobados os documentos presentados e recoñecida a obrigaón de pago, a Administración deberá realizar o pago dentro dos inmediatos trinta días seguintes.

A execución de traballos por importe superior ao previsto en cada anualidade, aínda no caso de que conte coa autorización da dirección, non lle dará dereito ao contratista ao seu aboamento ata que non se inclúa no Orzamento a dotación necesaria para facer fronte á anualidade correspondente.

2.- Se a Administración demorase o pago do prezo, computado a partir do cumprimento do prazo a que se refire o apartado anterior, o adxudicatario terá dereito a partir do cumprimento do prazo, a cobrar os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobro

nos termos dispostos na Lei 3/2004, do 29 de decembro de 2004 pola que se establecen as Medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais e artigo 198 LCSP.

Non obstante o indicado no apartado anterior, no suposto de que algunha certificación conteña algún erro ou omisión, e o contratista non advertira no momento de prestar conformidade á certificación expresamente e por escrito a súa existencia, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a certificación, computándose, por tanto, o prazo para esixir o xuro de mora a partir da expedición da certificación emendada.

De igual modo se a factura contivese algún erro ou omisión ou esta non se presentara á entidade contratante, o prazo para esixir o xuro de mora non se iniciará ata que se emenden os defectos que contivese a factura ou ata que esta se presente no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE), salvo os supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade correspondente.

3.- Dereito á suspensión do cumprimento do contrato no caso de que a demora do pago fose superior a catro meses, debendo comunicarlle á Administración cun mes de antelación tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da suspensión, nos termos establecidos no artigo 198.5 LCSP.

4.- Dereito a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen, se a demora da Administración fose superior a seis meses (artigo 198.6 LCSP).

5.- Dereito a transmitir os dereitos de cobranza, nos termos do artigo 200 LCSP.

27. PAGOS

Os pagos requirirán en todo caso presentación de factura por medios electrónicos, correspondente aos bens fornecidos, acompañada de acta de recepción dos bens e de informes favorables dos servizos técnicos e administrativos que correspondan, sen prexuízo das facultades de seguimento contractual que lle corresponden ao servizo competente.

O adxudicatario unicamente terá dereito ao aboamento dos bens efectiva e correctamente fornecidos conforme os pregos.

Nos prezos da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os custos que corresponden a subministración, transporte, embalaxe, seguros, instalación, formación, etc. e todas as outras tarefas que inciden no proceso de subministración, así como todos os impostos de calquera esfera fiscal. En consecuencia, o adxudicatario non poderá esixir o pago de cantidade ningunha por este concepto.

No caso de que o adxudicatario solicitase a constitución da garantía mediante retención de parte do prezo, formalizárase no momento da aprobación do primeiro pago e, se non fose suficiente, dos sucesivos pagos ata completar o seu importe.

De conformidade coa normativa vixente, o contratista ten a obrigaación de presentar a factura. A factura deberá presentarse no punto xeral de entrada de facturas electrónicas (FACE) salvo os supostos en que a normativa vixente de facturación permita a súa presentación en formato papel, nese caso presentarase no rexistro da entidade contratante.

O Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas con formato Facturae, dirixidas oa Concello, é o configurado na plataforma electrónica “FACe: Punto Xeral de Entrada de Facturas electrónicas”, da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En canto aos prazos e trámites de pago estarase ao disposto no artigo 198 LCSP

28. PRÓRROGAS

Debido a que a actuación ten que estar rematada antes do 30 de outubro de 2024, non se preveen prorrogas.

29. PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO E PENALIDADES ADMINISTRATIVAS

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a súa realización, así como, dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando o contratista por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.

A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

Cada vez, que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

30. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Unha vez perfeccionado o contrato o órgano de contratación só poderá introducir modificacións nel por razóns de interese público e de acordo co disposto no artigo 203 LCSP, debendo formalizarse en documento administrativo estas modificacións conforme o establecido no artigo 153 e 203.3 LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.LCSP.

Para os efectos do establecido no artigo 204 LCSP establécese, co carácter de modificación prevista no prego, as indicadas no anexo I

De acordarse esta modificación polo órgano competente da Administración, será obrigatoria para o contratista.

31. MODIFICACIÓN DOS LABORES INCLUÍDOS NO CONTRATO

En ningún caso o técnico director do contrato ou o adxudicatario poderán introducir ou executar modificacións nos labores comprendidos no contrato sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela. A mencionada aprobación corresponderalle ao órgano de contratación competente, despois da preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito.

32. CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATO DE TRABALLOS

Os adxudicatarios non poderán ceder os dereitos dimanantes do contrato determinados traballos sen obter previamente a autorización do órgano competente da Corporación, nos termos sinalados no artigo 214 LCSP. Polo que respecta á subcontratación estarase ao disposto nos artigos 215 a 217 LCSP.

De conformidade co artigo 75 e 215.2 no anexo I do prego indícase se neste contrato se aplicará a esixencia ao contratista principal de executar determinadas tarefas críticas.

33. RECEPCIÓN DO CONTRATO

O contratista comunicarlle por escrito ao facultativo director do contrato a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 30 días naturais.

A recepción do contrato realizarase como máximo dentro dos 30 días naturais seguintes á terminación do prazo contractual, incluídas no seu caso, as prórrogas legalmente concedidas.

34. PRAZO DE GARANTÍA

O prazo de garantía do contrato será de dous anos

Se durante o prazo se acredítase a existencia de vicios ou defectos nas prestacións realizadas, terá dereito a Administración para reclamar do contratista a corrección ou rectificación que corresponda.

Así mesmo nestes supostos a Administración poderá rexeitar as prestacións realizadas quedando exento da obrigaçión de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formulase algún dos reparos ou a denuncia a que se refire o artigo 311.5 LCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

35. CONDICIÓNS ESPECÍFICAS DAS PRESTACIÓNS

A. CONFIDENCIALIDADE E SEGREDO PROFESIONAL

Toda a información facilitada pola Administración ou a obtida polo adxudicatario en relación co contrato terá carácter confidencial, debendo o adxudicatario gardar o debido segredo profesional con carácter indefinido, salvo que a Administración o autorice expresamente e para supostos concretos e determinados.

A empresa adxudicataria queda expresamente obrigada a realizar os seus traballos baixo as cláusulas do segredo profesional e, en consecuencia, a manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos que lle sexan confiados ou que sexan elaborados no transcurso da execución do plan. Esta confidencialidade é extensible a calquera dato que puidera coñecer con ocasión do cumprimento do contrato, especialmente os de carácter persoal, que non se utilizarán cun fin distinto ao que figura neste prego, nin tampouco ceder a outros nin sequera a efectos de conservación.

B. PROTECCIÓN DE DATOS

1. Finalidade

Mediante as cláusulas habilítase ao adxudicatario como encargado do tratamento, para tratar por conta da Administración, responsable do tratamento, os datos de carácter persoal necesarios coa finalidade de executar as prestacións derivadas deste contrato.

O adxudicatario utilizará os datos persoais só para a finalidade obxecto deste contrato. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.

2. Datos persoais

Os necesarios para a boa execución da actuación.

3. Obrigacións

O encargado do tratamento está obrigado a:

Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento só para a finalidade obxecto deste contrato

Cumprir en todas as fases de desenvolvemento do contrato, na súa terminación e con posterioridade a ela, a normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, sendo responsable de calquera infracción desta.

Presentar antes da formalización do contrato unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a estes.

Comunicar calquera cambio que se produza, ao longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración a que se refire a letra c) anterior.

Indicar na súa oferta, se teñen previsto subcontratar os servidores ou os servizos asociados a eles, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización.

Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento

Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar, previamente e por escrito, ao Concello, cunha antelación de quince días hábiles, indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. Poderá levar a cabo a subcontratación se o Concello non manifesta a súa oposición no prazo de dez días hábiles

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, queda sometido expresamente á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos e está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Correspóndelle ao encargado inicial regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais ca el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable no referente ao cumprimento das obrigacións.

Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do contrato, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

- Evitarase o acceso de persoas non autorizadas aos datos persoais, e deixar os datos persoais expostos a terceiros. Cando calquera persoa se ausente do posto de traballo, bloquearase a pantalla ou pecharase a sesión.
- Os documentos en papel e soportes electrónicos almacenarase en lugar seguro (armarios ou estancias de acceso restrinxido) durante as 24 horas do día.
- Non se refugarán documentos ou soportes electrónicos (CD, lapis de memoria, discos ríxidos, etc.) con datos persoais sen garantir a súa destrución.
- Non se comunicarán datos persoais ou calquera información persoal a terceiros.
- O deber de segredo e confidencialidade persistirá mesmo cando finalice a relación laboral da persoa traballadora coa entidade.

Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informar convenientemente.

- Garantirase a existencia de contrasinais para o acceso aos datos persoais almacenados en sistemas electrónicos.
- Cando aos datos persoais accedan distintas persoas, para cada persoa con acceso aos datos persoais, dispoñerase dun usuario e contrasinal específicos (identificación inequívoca).
- Garantirase a confidencialidade dos contrasinais, evitando que queden expostas a terceiros.
- En ningún caso se compartirán os contrasinais nin se deixarán anotados en lugar común e o acceso de persoas distintas da persoa usuaria.

Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

Manter, ao dispor do órgano de contratación, a documentación acreditativa do cumprimento das obrigacións establecidas nos apartados anteriores.

Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de protección de datos e axudar a garantir o cumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 32 a 36 do RGPD, tendo en conta a natureza do tratamento e a información ao dispor do encargado.

Notificarlle ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia. (Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que esta violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.)

Correspóndelle ao encargado do tratamento comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos e ás persoas interesadas, naqueles supostos en que os datos se traten exclusivamente cos sistemas do encargado. A comunicación conterà, como mínimo, a información establecida nos artigos 33 e 34 do Regulamento xeral de protección de datos (RGPD) e ao mesmo tempo deberá notificarlle ao responsable do tratamento.

Poñer á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

Implantar as medidas de seguridade necesarias para axustarse ao Esquema Nacional de Seguridade, entre outras:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

As obrigacións recollidas nas letras a) a e) anteriores teñen o carácter de esenciais para os efectos do disposto no artigo 211.1.f) da LCSP

4. Incumprimento

O adxudicatario responderá dos danos e perdas causados polo tratamento cando incumpra as obrigacións específicas dos encargados establecidas na normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos ou actúe á marxe ou en contra das estipulacións establecidas no contrato.

5. Duración

Unha vez finalizados os traballos obxecto do contrato, o encargado do tratamento deberá devolver á Administración ou a aquel encargado que esta designe, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, en tanto poidan derivarse responsabilidades da súa relación co responsable do tratamento.

O bloqueo dos datos consiste na identificación e reserva destes, adoptando medidas técnicas e organizativas, para impedir o seu tratamento, incluíndo a súa visualización, excepto para poñer a disposición dos datos aos xuíces e tribunais, o Ministerio Fiscal ou as Administracións públicas competentes.

A Administración resérvase a facultade de realizar, en calquera momento e sen necesidade de aviso previo, calquera comprobación sobre o correcto bloqueo dos datos.

6. Información en protección de datos

Os datos persoais facilitados polo adxudicatario serán tratados polo concello de Muros para xestionar este contrato.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha obrigaón legal e os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigaón legal.

A Administración conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Administración contratante ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Tamén pode interpoñer unha reclamación ante a AEPD se considera que o tratamento de datos persoais infrinxe o RGPD.

Para calquera outra dúbida pode dirixir un correo indicado do cadro de características .

C. DEREITO DE USO:

A Administración terá o dereito de uso por tempo indefinido e con ámbito mundial de todos os estudos, documentos, traballos ou prestacións realizados con motivo do contrato, podendo dispoñer en consecuencia destes para calquera fin ou actividade de interese provincial que estime oportuno.

36. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán as dispostas nos artigos 211, 212, 306 LCSP, cos efectos dispostos nos artigos 213 e 307 LCSP.

37. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN

Compételle ao órgano de contratación as prerrogativas de interpretar o convindo, modificar as prestacións por conveniencia do Servizo e de suspender a súa execución por causa de utilidade pública, indemnizando, no seu caso, os posibles danos e perdas ocasionados nos termos establecidos na Lei de contratos do sector público.

38. RÉXIME XURÍDICO

O contrato de servizos ten carácter administrativo e ambas as partes quedan sometidas expresamente á lexislación de contratos do sector público e normas complementarias e, no seu caso, da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución así como as demais disposicións de desenvolvemento, en especial o

Regulamento de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato serán resoltos polo órgano de contratación, cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa e contra estes haberá lugar a recurso Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da dita xurisdición, logo da interposición, no seu caso, do recurso de reposición potestativo e sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que os interesados estimen procedente.

Nos supostos a que se refire o artigo 44 do LCSP, os interesados poderán interpoñer o recurso especial en materia de contratación.

O contrato queda sometido ao disposto na seguinte normativa:

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante LCSP)

Así mesmo o contrato estará suxeito a cantas normas de desenvolvemento se aproben, no que resulte aplicable a este procedemento.

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

| | | |
|---|--|---|
| 1. PROXECTO | MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA ESTRADA AC-550 TRAMO BAÑO A LAXEIRAS E TAL, MUROS | |
| 2. CODIFICACIÓN | Vocabulario Común de contratos (CPV) | 31500000 Material de iluminación e material eléctrico 45316100 Instalación de equipo de alumado exterior |
| 3. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN | A.-Obras anuais Base imponible: 39.975,72€ Importe IVE 8.394,90€ Total: 48.370,62€ | 48.370,62 Euros (IVE INCLUÍDO) |
| 4. VALOR ESTIMADO | Total VALOR ESTIMADO 39.975,72€. | |
| 4.BIS. REGULACIÓN HARMONIZADA | <input checked="" type="checkbox"/> contrato non suxeito a regulación harmonizada | |
| 5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA | 2024/170/61900 | |
| 6. PRAZO DE EXECUCIÓN | FIXADO NA MEMORIA DE ACTUACIÓN: 1 MES | |
| | Non se aplicará en ningún caso a redución do prazo como criterio de valoración | |
| 7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA | <input checked="" type="checkbox"/> Non se esixe <input type="checkbox"/> Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría) Grupo subgrupo categoría <hr/> | |
| 8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE | Grupo subgrupo categoría <hr/> | |

| | |
|--|---|
| SOLVENCIA. | _____ |
| 9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS | Con carácter exclusivo e excluínte: A) <input checked="" type="checkbox"/> Plataforma de contratación do Sector Público https://contrataciondelestado.es B) <input type="checkbox"/> Plataforma de contratos públicos de Galicia |
| 10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN | X A) Tramitación ordinaria: 15 días naturais (Cláusula 11) . |
| 11. DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN | NON SE ESIXE |
| 12. PORCENTAXE SUBCONTRATACIÓN | Non se establece |
| 13. PRAZO DE GARANTIA | 2 anos |
| 14. PERFIL DE CONTRATANTE | Enderezo páxina web concello: www.muros.gal |
| 15. GARANTÍA DEFINITIVA | Non se esixe, Art 159.6.f |
| 16. CARTEL DE OBRA | O contratista deberá colocar un cartel publicitario da obra de acordo co modelo que se facilitará o Concello de Muros segundo o modelo do anexo X da Resolución do 28 de decembro de 2023 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (dog núm 17 de 24/01/2024) |
| 17. REVISIÓN DE PREZOS | A) Obras anuais e plurianuais con prazo inferior a dous anos: NON PROCEDE |
| 18. CONTROL DE CALIDADE | Os gastos asúmeos a Administración |
| 19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE | NON SE ESIXE. Non obstante a Administración a fin de garantir unha maior información ás empresas poderá publicar anuncios en |

| | |
|--|---|
| LICITACIÓN A CONTA DO CONTRATISTA | medios de comunicación, correndo no seu caso a Administración cos gastos. |
|--|---|

20. OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.muros.gal

TELÉFONO: 981826050

CORREO ELECTRÓNICO. contratacion@muros.gal

CARTEL DE OBRA: <https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/modelo-cartel-obra/>

21. DATOS DA FACTURA

21.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL Concello de Muros
NIF P1505400J.
CÓDIGO L01150531

21.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR. ALCALDESA CONCELLO DE MUROS
CÓDIGO L01150531

21.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE CONCELLO DE MUROS
CÓDIGO L01150531.

21.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA CONCELLO DE MUROS.
CÓDIGO L01150531.

21.5.- CÓDIGO DE EXPEDIENTE. 2131/2019
CÓDIGO DE PROXECTO 2021.2102.0497.0

22. LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO.....Perfil de contratante integrado en Plataforma de Contratación que se indica na epígrafe 9 do cadro de características.

ANEXO Nº II: CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADJUDICACIÓN DO CONTRATO

De acordo co establecido na cláusula 13.2., os criterios para a adjudicación do procedemento aberto son os seguintes:

| FASE UNICA.: Criterios valorables de forma automática | | |
|--|---|-------------------|
| Número | Criterio e fórmula de valoración | Puntuación |
| | Oferta económica. | 100 |

ANEXO Nº III: DOCUMENTACIÓN QUE SE HA INCLUIR NO SOBRE UNICO

A oferta axustarase, como mínimo e na súa mesma orde, aos diferentes apartados detallados a continuación. Para cada apartado deberá indicarse explicitamente e sen ambigüidades, a proposta ou solución exposta.

| Criterio de valoración / Documento | |
|---|---|
| 1 | MODELO PROPOSICION ECONOMICA E DECLARACION RESPONSABLE |
| 2 | DOCUMENTO COAS CARACTERISTICAS DAS LUMINARIAS A INSTALAR (DEBEN DE COINCIDIR COAS ESTABLECIDAS NOS PREGOS OU DE MAIOR CALIDADE) |

Índice

Índice de documentos que integran o sobre: Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

ANEXO IV: MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. _____
con domicilio no municipio de
rúa _____
nº _____ provincia ----- país.....
teléfono _____
con DNI/NIF (ou Pasaporte ou documento que o substitúa) Nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou NIF Nº _____
e con domicilio no municipio de _____.
rúa _____
nº _____, provincia....., país.....
teléfono _____

Toma parte no procedemento aberto cún único criterio de valoración para a adjudicación do subministro e instalación das actuacións comprendidas no Proxecto de a "Mellora da eficiencia enerxética do alumeadado público na estrada ad-550, tramo Baño a Laxeiras e Tal, Muros", para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do Proxecto e documentación técnica que o integra.

2º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Fai constar que na presente licitación (**indíquese o que proceda**):

a) ___ Non concorre con empresas vinculadas.

b) ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:

Denominación

NIF

4º.- Prezo

Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):

A) Prezo sen IVE..... Euros).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe :..... %. Importe..... ..euros

C) TOTAL (A+ B).....EUROS

5º.- Que ten previsto subcontratar as seguintes unidades de obra polo importe que se indica:

| UNIDADES OU PARTES DE OBRA QUE SE VAN SUBCONTRATAR | IMPORTE IVE INCLUÍDO | NOME OU PERFIL EMPRESARIAL DO SUBCONTRATISTA |
|--|----------------------|--|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| TOTAL | | |

6. DECLARA RESPONSABLEMENTE :

1º Que ten a representación da sociedade que presenta a oferta;

2º Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;

3º Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;

4º Que non está incurso en prohibición de contratar;

5º De conformidade co disposto no art. 159 e 75.2 LCSP. (**Indicar a opción**):

5. a. ____ Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades

5.b. ____ Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades , comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito das ditas entidades, UNHA VEZ SEXA REQUIRIDO POLA Administración.

6º O seu sometemento ao foro español (só no caso de Empresas estranxeiras)

7º Que está inscrita no Rexistro:

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición ____

b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición ____

En a de de 20__

O LICITADOR (Asinado)